
DOCUMENTOS DE TRABALLO

OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

Web
consellodacultura.gal

Twitter:
@consellocultura

Facebook:
facebook.com/consellocultura

Correo:
medios@consellodacultura.gal

Telf:
+34 981 95 72 02



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

10/01/2016

Ocio e hábitos culturais (I)

Neste documento de traballo ofrécese a primeira entrega dun estudo sobre os hábitos culturais en Galicia. Neste caso analízanse resultados comparables co resto de comunidades autónomas de España.

A *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*, realizada polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, é unha investigación por mostraxe dirixida a unha mostra de 16.000 persoas de 15 anos en diante residentes en España. O proxecto enmárcase no Plan Estadístico Nacional. O deseño mostral da enquisa realizouse en colaboración co Instituto Nacional de Estadística.

A súa finalidade é múltiple, por unha banda, avaliar a evolución dos principais indicadores relativos aos hábitos e prácticas culturais dos españois e, por outra, analizar outros aspectos relevantes no ámbito cultural, especialmente no que atinxe aos consumos culturais, atendendo ás formas de adquisición de determinados produtos culturais suxeitos a dereitos de propiedade intelectual, como libros, música gravada, vídeo e software. Así, a enquisa constitúese nun vehículo para abordar unha parte das necesidades de información estatística recollidas no Plan Integral do Goberno para a Diminución e Eliminación das Actividades Vulneradoras da Propiedade Intelectual (BOE 26-04-2005).

A participación cultural foi investigada nas seguintes actividades culturais:

- Museos, galerías de arte, arquivos e monumentos.
- Lectura de libros e de publicacións periódicas e as bibliotecas.
- Artes escénicas e musicais.
- Teatro, ópera, zarzuela, ballet ou danza e circo.
- Música clásica e música actual.
- Sector audiovisual e novas tecnoloxías: cine, vídeo, televisión e radio, videoxogos, ordenador e Internet.
- Outras actividades relacionadas coa cultura ou co tempo libre.

As actividades relacionadas cos dereitos de propiedade intelectual foron tratadas nos ámbitos do libro, música, vídeo e software. Ofrece resultados segundo o lugar de residencia do individuo, por comunidade autónoma.

Este traballo céntrase principalmente nos indicadores de participación cultural en Galicia en perspectiva temporal con respecto ás anteriores enquisas e, nos casos que sexa oportuno, estableceranse comparacións co conxunto de España e coas demais comunidades autónomas.

Museos, exposicións e galerías de arte

En termos globais, un 35,9% da poboación galega realizou no último ano unha visita a un museo, exposición ou galería de arte. No conxunto do territorio español, esta porcentaxe acada un 39,4%. Por comunidades autónomas, Galicia ocupa o décimo lugar en asistencia a este tipo de infraestruturas culturais, con case 20 puntos porcentuais de diferenza con respecto á Comunidade de Madrid, que é a que acada a porcentaxe de asistencia máis elevada de toda España (55,8%), e supera en máis de 10 puntos a Canarias, a comunidade autónoma onde menos se visitan os museos, exposición e galerías de arte (25,2%). Se se desagregan os datos polos diferentes tipos de infraestruturas culturais, obtéñense os resultados da seguinte táboa.

Persoas segundo a asistencia ou visita a museos, exposicións e galerías de arte por frecuencia temporal

	España	Galicia
Museos		
<i>Total visitaron no último ano</i>	33,2	27,3
Nos últimos tres meses	16,5	12,6
Entre tres meses e un ano	16,8	14,6
<i>Hai máis dun ano</i>	38,8	28,3
<i>Nunca ou case nunca</i>	28,0	44,4
Exposicións		
<i>Total visitaron no último ano</i>	23,8	24,8
Nos últimos tres meses	11,6	12,4
Entre tres meses e un ano	12,3	12,4
<i>Hai máis dun ano</i>	33,7	24,8
<i>Nunca ou case nunca</i>	42,5	50,5
Galerías de arte		
<i>Total visitaron no último ano</i>	12,7	11,1
Nos últimos tres meses	5,4	4,2
Entre tres meses e un ano	7,2	6,9
<i>Hai máis dun ano</i>	30,8	18,9
<i>Nunca ou case nunca</i>	56,6	70,0

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

Segundo estes datos, os espazos culturais máis visitados no último ano tanto en Galicia coma no resto de España son os museos, seguidos das exposicións e das galerías de arte. No tocante aos museos é salientable o dato referente aos que non van nunca ou case nunca, xa que acada o 44,4% da poboación galega, fronte ao 28% que se obtén no conxunto do Estado. Deste xeito, Galicia encabeza a lista das comunidades autónomas en que hai unha menor asistencia aos museos.

No que respecta ás exposicións, a porcentaxe da poboación galega que visitou exposicións durante o último ano supera en 1 punto ao conxunto do Estado, concretamente sitúase no 24,8% da poboación. Por outra banda, tamén se pode destacar que máis da metade da poboación galega non vai nunca ou case nunca a unha exposición, concretamente un 50,5%, superando deste xeito ao conxunto de España en 8 puntos porcentuais.



Por último, semella que as galerías de arte son os espazos menos visitados tanto en Galicia coma no conxunto de España. En Galicia a porcentaxe dos que non van nunca ou case nunca acada o 70% da poboación, só superado por Cantabria e Ceuta e Melilla.

Tendo en conta os datos anteriores de frecuencia de visitas aos museos, exposicións e galerías de arte, pódese comprobar o grao de interese que espertan estes espazos culturais entre a poboación. Na seguinte táboa móstranse datos da valoración media de cada un destes espazos por comunidades autónomas.

Valoración media do grao de interese polos museos, exposicións e galerías de arte (de 0 a 10)

	Museos	Exposicións	Galerías de arte
Total España	4,7	4,3	3,8
Andalucía	5,2	5,0	4,4
Aragón	4,7	4,6	4,0
Asturias	4,9	4,4	3,9
Baleares	5,1	5,1	4,7
Canarias	3,9	3,6	3,5
Cantabria	3,7	2,7	2,2
Castela e León	5,0	4,9	4,3
Castela-A Mancha	3,7	3,3	2,8
Cataluña	3,9	3,4	2,9
Comunidade Valenciana	5,0	4,6	3,9
Estremadura	4,9	4,3	3,9
Galicia	4,1	4,0	3,1
Madrid	5,6	5,1	4,4
Murcia	4,7	4,2	3,7
Navarra	4,7	4,6	4,0
País Vasco	4,2	3,5	2,9
A Rioxa	4,4	4,4	3,8
Ceuta e Melilla	4,7	4,0	3,7

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

Segundo estes datos, pódese constatar que en todas as comunidades autónomas sen excepción os espazos culturais máis valorados son os museos, coa Comunidade de Madrid á cabeza, cunha valoración de 5,6. A puntuación media no conxunto de España sitúase en 4,7 e en Galicia en 4,1. As comunidades que mostran menos interese polos museos son Cantabria e Castela-A Mancha, cunha valoración media dun 3,7. Por outra banda, ás exposicións concédeselles unha valoración media global de 4 puntos en Galicia e de 4,3 puntos no conxunto do Estado. Neste caso, unha vez máis a Comunidade de Madrid é a que lle outorga unha valoración máis alta, con 5,1 puntos.

As persoas que visitaron museos en Galicia fixeron unha media de 2,1 visitas nun trimestre, cifra moi semellante ao conxunto do Estado, que se sitúa en 2,2 visitas. Ademais, estas visitas fanse principalmente coa familia ou amigos (65,9%). As visitas escolares aos museos en Galicia supoñen o 6% do total das visitas, porcentaxe moi semellante á do conxunto de España (6,5%).



Outra información relevante refírese aos motivos indicados pola xente que non visita máis veces os museos. Os resultados detállanse na seguinte táboa.

Motivos que máis inflúen en que a xente non vaia máis aos museos

	España	Galicia
É caro	13,3	6,8
É difícil conseguir entradas	1,1	0,6
Hai pouca oferta na miña zona	16,6	21,4
Hai pouca información	5,8	5,9
Prefire visitas virtuais	0,3	0,1
Resúltalle difícil saír da casa	9,8	9,4
Resúltalle difícil de entender	3,4	1,4
Non ten tempo	27,2	27,8
Non ten interese	19,1	23,4
Non ten con quen ir	3,5	3,1

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

O motivo principal polo que a xente non vai aos museos, tanto en Galicia coma no conxunto do Estado, é a falta de tempo (27,8% e 27,2% respectivamente), seguido pola falta de interese (23,4% e 19,1%) e a escaseza de oferta na zona da persoa entrevistada. En Galicia este motivo acada un 21,4% do total, fronte a un 16,6% no conxunto do Estado. Por outra banda, o prezo non parece ser un motivo moi determinante á hora de non ir a un museo en Galicia, xa que tan só un 6,8% o considera caro, fronte a un 13,3% no conxunto do Estado. De feito, se se compara co resto das comunidades autónomas, en Galicia é onde menos caro lle resulta á xente acudir aos museos, fronte á Comunidade de Madrid, onde un 17,4% da poboación considera que ir aos museos é caro,

Monumentos e xacementos arqueolóxicos

Os datos que se mostran a continuación indican a frecuencia das visitas a monumentos e xacementos arqueolóxicos da poboación de Galicia en comparación coa do conxunto de España. En termos xerais, as visitas a monumentos son máis frecuentes, tanto en Galicia coma no conxunto de España, que aos xacementos arqueolóxicos. Aínda así, obsérvase unha diferenza salientable, xa que os galegos visitan con menos frecuencia os monumentos ca o conxunto da poboación en España, mentres que no caso do xacementos arqueolóxicos acontece xusto o contrario, cando se trata de visitas realizadas no último ano.



Persoas segundo a visita a monumentos e xacementos arqueolóxicos

	España	Galicia
Monumentos		
<i>Total visitaron no último ano</i>	41,4	38,9
Nos últimos tres meses	23,7	21,4
Entre tres meses e un ano	17,7	17,5
<i>Hai máis dun ano</i>	35,2	27,7
<i>Nunca ou case nunca</i>	23,4	33,4
Xacementos arqueolóxicos		
<i>Total visitaron no último ano</i>	16,6	17,7
Nos últimos tres meses	7,3	7,4
Entre tres meses e un ano	9,3	10,3
<i>Hai máis dun ano</i>	35,4	23,3
<i>Nunca ou case nunca</i>	48,0	59,0

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

Un 38,9% da poboación galega visitou no último ano un monumento fronte a un 41,4% no conxunto de España. Esta taxa é superior á das persoas que non visitaron nunca ou case nunca os monumentos en 5 puntos porcentuais en Galicia e en 18 puntos no conxunto de España.

No que atinxe aos xacementos arqueolóxicos, as visitas no último ano incrementáronse en máis de 3 puntos porcentuais con respecto ao período 2010-2011, tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. Por outra banda, Galicia ocupa o cuarto lugar na porcentaxe máis elevada de persoas que non visitan nunca un xacemento arqueolóxico, despois de Cantabria, Canarias e Cataluña. A comunidade autónoma cunha frecuencia de visitas máis elevada a xacementos arqueolóxicos no último ano é Extremadura.



Valoración media do grao de interese polos monumentos e xacementos arqueolóxicos (de 0 a 10)

	Monumentos	Xacementos arqueolóxicos
Total España	5,2	4,3
Andalucía	5,8	5,2
Aragón	5,4	4,4
Asturias	5,3	4,1
Baleares	5,3	4,5
Canarias	3,9	3,6
Cantabria	4,0	2,3
Castela e León	5,9	4,9
Castela-A Mancha	4,6	3,4
Cataluña	3,9	2,9
Comunidade Valenciana	5,6	4,6
Estremadura	5,5	5,2
Galicia	5,0	4,0
Madrid	5,9	4,9
Murcia	5,5	4,7
Navarra	5,4	4,6
País Vasco	4,4	3,5
A Rioxa	5,0	4,4
Ceuta e Melilla	4,8	4,5

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.


En Galicia a valoración media do grao de interese polos monumentos e xacementos arqueolóxicos é nos dous casos algo inferior ao do conxunto de España. Nas comunidades autónomas en que se mostra maior interese pola visita a monumentos son Castela e León e a Comunidade de Madrid, con 5,9 puntos de media, fronte aos 5 que se outorgan en Galicia e aos 5,2 puntos no conxunto do Estado. A comunidade en que se mostra menor grao de interese polos monumentos é Cataluña, con 3,9 puntos. Por outra banda, os xacementos arqueolóxicos espertan maior grao de interese en Estremadura, con 5,2 puntos de media, mentres que a comunidade autónoma con menor grao de interese polos xacementos arqueolóxicos é Cantabria, con 2,3 puntos.

**Lectura**

O interese pola lectura mídese nunha escala de 1 a 10. A media de España sitúase en 6,3 e a de Galicia nun 5,9. A frecuencia de lectura indica que o 57% de galegos e galegas le algún libro de cando en vez, un 5% menos que a media do Estado. As persoas que leron un libro no último mes son un 37% e as que non len nunca case un 30%, unha das cifras máis altas de toda España, lonxe da media (21%) e das comunidades como Madrid (9%) e País Vasco (10%).

Se analizamos o comportamento da poboación lectora, a poboación galega atópanse entre a que máis libros le, cunha media de 4,9 por trimestre fronte ao 4,5 do total de España.

Número medio de libros lidos por comunidade autónoma




Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

O mesmo sucede cando se indaga sobre o tempo empregado na lectura. A poboación galega tamén está á cabeza, con máis de dúas horas (126 minutos) por día, so por detrás de Murcia (128 minutos) e 15 minutos máis que a media nacional (111).

No referente á compra de libros, un 29% dos galegos declararon mercar libros no último trimestre, fronte a un 37% dos españois, detrás de Cantabria, Estremadura, Asturias e Castela-A Mancha. Na compra de libros en formato dixital Galicia tamén se sitúa lonxe da media (10%), cun 5% de galegos que declaran mercar libros neste formato.

O grao de interese pola lectura de xornais en Galicia sitúase no 6%, medio punto por riba da media de España. O 86% da poboación galega le o xornal polo menos unha vez ao mes, fronte ao 78% da española. En lectura diaria tamén supera a media nacional (45% e 39%, respectivamente).



Persoas que len todos ou case todos os días prensa diaria de información xeral

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

Gálica é a terceira comunidade autónoma segundo a lectura de prensa en papel, pero a última en lectura de prensa en Internet. Os galegos tamén están por riba da media nacional no tocante á lectura de revistas, cun 49% fronte a un 42%.

Bibliotecas e arquivos

A asistencia a arquivos e bibliotecas ten un escaso interese entre a poboación. No conxunto de España, o grao de interese medio polos arquivos sitúase en 2,6 puntos e polas bibliotecas en 2,7 puntos. No caso de Galicia en ambos os dous casos o grao de interese medio sitúase nos 2,2 puntos. Na seguinte táboa pódese observar a valoración media do grao de interese polos arquivos e bibliotecas nas distintas comunidades autónomas.



DOCUMENTOS
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

Valoración media do grao de interese polas bibliotecas e arquivos (de 0 a 10)

	Arquivos	Bibliotecas
Total España	2,6	2,7
Andalucía	2,8	2,8
Aragón	3,1	2,7
Asturias	2,6	2,6
Baleares	2,3	2,7
Canarias	2,9	2,9
Cantabria	1,4	0,9
Castela e León	3,4	3,5
Castela-A Mancha	2,2	2,3
Cataluña	2,1	2,5
Comunidade Valenciana	2,4	2,5
Estremadura	2,8	2,7
Galicia	2,2	2,2
Madrid	3,3	3,6
Murcia	2,2	2,7
Navarra	3,0	3,1
País Vasco	1,5	1,8
A Rioxa	2,9	2,9
Ceuta e Melilla	2,5	2,2

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

Se se observan os datos segundo a frecuencia de asistencia a arquivos e bibliotecas, pódese comprobar que existen diferenzas salientables. Así, no último ano acudiu ás bibliotecas un 22,7% da poboación española, mentres que só un 5,6% visitou os arquivos. No caso de Galicia, a porcentaxe da poboación que asistiu a bibliotecas é 4,1 puntos porcentuais inferior ao conxunto do Estado, situándose nun 18,6%, mentres que a porcentaxe dos que visitan os arquivos é 2,6 puntos porcentuais superior á media do Estado, colocándose nun 8,2%.

Persoas segundo a visita ou asistencia a arquivos e bibliotecas no último ano por comunidades autónomas (en %)

	Arquivos	Bibliotecas
Total España	5,6	22,7
Andalucía	4,2	17,3
Aragón	7,2	23,3
Asturias	7,9	26,0
Baleares	5,2	15,1
Canarias	3,9	13,7
Cantabria	1,5	17,6
Castela e León	6,4	28,8
Castela-A Mancha	6,4	25,4
Cataluña	4,8	24,9
Comunidade Valenciana	6,2	21,4
Estremadura	3,8	21,5
Galicia	8,2	18,6
Madrid	6,9	27,5
Murcia	4,7	22,7
Navarra	9,8	37,7
País Vasco	3,4	29,4
A Rioxa	8,2	27,1
Ceuta e Melilla	6,8	17,8

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Un 61,2% da poboación galega non asistiu ou non accedeu a través de Internet a unha biblioteca nunca ou case nunca. Esta porcentaxe supera en 10,2 puntos porcentuais a do conxunto do Estado. No caso da asistencia presencial, incrementase a porcentaxe dos que non van nunca ou case nunca, cunha diferenza con respecto ao conxunto do Estado de 10,73 puntos porcentuais. Porén, onde si se atopan diferenzas é no acceso ás bibliotecas a través de Internet; aínda que a porcentaxe das persoas que accederon por Internet ás bibliotecas no último ano é moi baixa, en Galicia é superior ao conxunto de España en 0,7 puntos porcentuais.

Persoas segundo a asistencia ou o acceso a través de Internet a bibliotecas

	España	Galicia
Total asistiron ou accederon por Internet a bibliotecas		
<i>Total no último ano</i>	25,6	21,8
No último trimestre	18,9	16,9
Entre tres meses e un ano	6,8	4,9
<i>Hai máis dun ano</i>	23,4	17,0
<i>Nunca ou case nunca</i>	51,0	61,2
Asistiron a bibliotecas		
<i>Total no último ano</i>	22,7	18,6
No último trimestre	16,3	14,5
Entre tres meses e un ano	6,5	4,1
<i>Hai máis dun ano</i>	24,6	18,1
<i>Nunca ou case nunca</i>	52,6	63,3
Accederon a bibliotecas a través de Internet		
<i>Total no último ano</i>	7,9	8,6
No último trimestre	5,9	6,0
Entre tres meses e un ano	2,0	2,6
<i>Hai máis dun ano</i>	5,9	4,2
<i>Nunca ou case nunca</i>	86,1	87,2

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

Por último, cómpre analizar os motivos polos que a xente non vai ou non frecuenta máis veces a biblioteca. En Galicia, o motivo máis indicado pola xente que deixa de ir ás bibliotecas é a falta de interese (39,6%), con case 8 puntos de diferenza con respecto ao conxunto do Estado. O seguinte motivo máis destacado é a falta de tempo, que case coincide na porcentaxe coa do conxunto do Estado. Destaca o feito de que un 8% da poboación galega non vai ás bibliotecas porque non hai ningunha na zona onde viven, porcentaxe que supera en dous puntos á do conxunto do Estado.

Motivos polos que non van ou non van máis veces á biblioteca

	España	Galicia
Descoñecemento de que existan na zona	2,7	1,4
Descoñecemento do seu funcionamento (horarios, prezo, etc.)	6,6	3,8
Horario limitado	10,0	7,4
Non existencia na zona	6,2	8,0
Teñen poucas prestacións	3,0	2,3
Son incómodas	3,3	2,4
Falta de tempo	32,6	32,1
Falta de interese	31,8	39,6
Prefiro acceder a ela a través de Internet	3,9	2,9

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.



Música

Na seguinte táboa ofrécense datos sobre o grao interese pola música en xeral, tanto no que se refire a escoitar como a asistir a concertos en directo.

Valoración media do grao de interese pola música por comunidade autónoma (de 0 a 10)

	Música en xeral	Concertos de música clásica	Concertos de música actual	Escoitar música
Total España	7,3	4,4	6,2	7,5
Andalucía	7,6	4,6	6,7	7,7
Aragón	7,3	4,6	5,9	7,4
Asturias	7,0	4,3	6,1	7,2
Baleares	7,3	4,5	6,3	7,4
Canarias	7,6	4,1	6,4	7,9
Cantabria	6,9	3,2	5,3	6,9
Castela e León	7,3	4,8	6,4	7,4
Castela-A Mancha	6,0	3,4	5,2	6,2
Cataluña	7,2	4,0	5,9	7,5
Comunidade Valenciana	7,3	4,8	6,1	7,5
Estremadura	7,6	3,9	6,5	7,6
Galicia	7,0	3,9	5,7	7,2
Madrid	7,5	5,0	6,3	7,8
Murcia	7,7	4,4	6,7	7,8
Navarra	7,3	4,9	6,4	7,5
País Vasco	6,9	3,6	5,6	7,1
A Rioxa	7,2	4,3	5,9	7,2
Ceuta e Melilla	6,8	4,1	6,2	7,0

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

Se ben o grao de interese pola música en xeral recibe unha valoración alta, superando en case todas as comunidades autónomas unha puntuación de 7, o mesmo que acontece co hábito de escoitar música, si se atopan diferenzas no grao de interese pola asistencia a concertos en directo, principalmente os de música clásica. Así, en Galicia o grao de interese polos concertos de música clásica sitúase en 3,9 puntos de media, mentres que os de música actual en 5,7 puntos. As dúas puntuacións son inferiores ás do conxunto do Estado, que se sitúan en 4,4 e 6,2 puntos respectivamente.


En Galicia un 76,7% da poboación escoita música polo menos unha vez ao mes, fronte ao 85,5% no conxunto do Estado. Así, en Galicia un 59,9% da poboación ten o hábito de escoitar música todos os días, mentres que un 21,9% non a escoita nunca ou case nunca. O medio utilizado pola inmensa maioría das persoas que escoitan música en Galicia é en equipos non conectados ao ordenador (98%), fronte ao 27,8% dos que escoitan música no ordenador ou en equipos conectados a el. Este último dato é salientable porque o hábito de escoitar música no ordenador ou en equipos conectados a el experimentou unha evolución significativa con respecto a 2011, ano en que tan só un 16,6% da poboación galega tiña este hábito á hora de escoitar música. Esta diferenza é moito máis acusada en Galicia ca no conxunto do Estado, onde se pasa dun 22,8% en 2011 a un 29,4%.

A evolución que experimenta a forma de escoitar música é moi significativa, dado que as tecnoloxías e os dispositivos empregados para escoitala foron cambiando moi rápido, e



mesmo algúns deles desapareceron por completo. A radio, por exemplo, que foi e segue a ser o medio máis empregado para escoitar música, experimentou unha evolución moi importante nos últimos dez anos, tal como se pode observar na seguinte gráfica.

Evolución da porcentaxe de persoas que adoitan escoitar música na radio



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

No resto dos medios empregados en Galicia para escoitar música destaca, en segundo lugar, despois da radio, o ordenador e, en terceiro lugar, o móbil. No conxunto do Estado estes dous equipamentos tamén ocupan o segundo e terceiro lugar, pero é o móbil o que avanta ao ordenador e a utilización deste supera en case 8 puntos á de Galicia. No uso destes medio é salientable o feito de que no período 2010-2011 o móbil só o utilizaban para escoitar música un 9% da poboación galega e un 9,8% no total do Estado. Con respecto ao ordenador, a diferenza non é tan significativa xa que en Galicia o utilizaban o 17,3% e no conxunto do Estado o 20,6%. Neste período o segundo medio que máis se empregaba para escoitar música despois da radio eran os CD, DVD e Blue-Ray (32,4% no conxunto de España e 24% en Galicia).

Persoas que adoitan escoitar música segundo os medios utilizados


	España	Galicia
Total adoita escoitar música (Miles)	33.988	1.866
Radio (%)	75,3	76,9
Móbil (%)	30,3	22,6
Ordenador (%)	25,0	24,4
Tablet (%)	4,9	2,8
Equipos de música portátiles (%)	18,1	21,6
Televisión (%)	10,1	12,1
Outros equipos (%)	15,1	13,3

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.



Por outra banda, máis do 80% das persoas que escoitan música fano na casa e, en segundo lugar, no coche. Na seguinte táboa pódense observar datos relativos aos lugares onde se adoita escoitar música tanto en Galicia coma no conxunto de España.

Persoas segundo o lugar en que adoitan escoitar música (%)



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

Con relación ao tempo dedicado a escoitar música, en Galicia un 74,7% da poboación adoita escoitar música polo menos unha vez á semana durante máis de dúas horas e media (uns 160 minutos). Un 73,8% dos que escoitan música polo menos unha vez por semana fano de luns a venres durante case tres horas (171,4 minutos) e un 67,5% escoitan música as fins de semana e festivos durante unhas dúas horas e media (151,8 minutos). En contraste, no conxunto de España hai unha porcentaxe maior de poboación que escoita música polo menos unha vez á semana (82,8%), pero en xeral dedícanlle menos tempo a esta actividade, xa que non chega en ningún caso ás dúas horas e media que se fai en Galicia.

Persoas que adoitan escoitar música polo menos unha vez por semana e tempo medio de audición

	España	Galicia
<i>Total adoitan escoitar polo menos unha vez por semana</i>		
Poboación (%)	82,8	74,7
Media diaria (minutos)	137,9	160,1
<i>De luns a venres</i>		
Poboación (%)	81,6	73,8
Media diaria (minutos)	147,2	171,4
<i>Fin de semana ou festivo</i>		
Poboación (%)	74,3	67,5
Media diaria (minutos)	133,9	151,8

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.



Outra actividade relacionada coa música refírese á gravación desde outro CD, da radio, da televisión, do ordenador ou mesmo a descarga gratuíta de Internet. Segundo os datos que se mostran na táboa, en Galicia un 21,7% da poboación gravou música no último ano e un 71,5% non o fixo nunca ou case nunca. Estas porcentaxes achéganse bastante ás do conxunto de España, xa que un 22,5% gravaron música no último ano e un 69,6% non o fixeron nunca ou case nunca. Canarias é a comunidade autónoma onde menos se grava música, xa que un 78,6% da poboación desta comunidade di que non o fai nunca ou case nunca, e, no outro extremo, un 60,4% da poboación da comunidade autónoma de Madrid di que nunca ou case nunca gravou música.

Persoas segundo a gravación de música por comunidade autónoma

	No último ano	Nos últimos tres meses	Entre tres meses e un ano	Hai máis dun ano	Nunca ou case nunca
Total España	22,5	19,2	3,3	7,9	69,6
Andalucía	26,4	23,6	2,8	9,3	64,3
Aragón	16,4	13,7	2,7	7,3	76,3
Asturias	18,9	16,2	2,7	5,6	75,5
Baleares	17,0	14,1	2,8	8,7	74,4
Canarias	17,9	16,1	1,8	3,5	78,6
Cantabria	20,8	18,1	2,7	1,8	77,4
Castela e León	22,0	20,0	2,1	6,4	71,5
Castela-A Mancha	18,9	16,2	2,8	7,7	73,4
Cataluña	15,9	13,5	2,3	8,4	75,8
Comunidade Valenciana	21,6	17,3	4,2	7,0	71,5
Estremadura	24,6	22,1	2,5	8,7	66,7
Galicia	21,7	18,4	3,3	6,6	71,7
Madrid	30,8	24,5	6,3	8,8	60,4
Murcia	26,5	23,8	2,8	9,2	64,2
Navarra	23,2	19,2	4,0	9,7	67,1
País Vasco	23,1	20,6	2,5	9,9	67,0
A Rioxa	20,9	17,1	3,7	7,0	72,2
Ceuta e Melilla	18,0	15,5	2,5	5,4	76,7

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

No caso da compra de música, temos os seguintes datos. En primeiro lugar, hai que salientar que a taxa de persoas que compraron música no último ano é moi baixa: no conxunto de España é dun 15,2% e en Galicia é 2,3 puntos porcentuais máis baixa. En comunidades autónomas como Canarias, Estremadura ou Ceuta e Melilla, a porcentaxe de persoas que compraron música no último ano non chega ao 10%. Por outra banda, a porcentaxe de persoas que non compran música nunca ou case nunca é moi alta, aínda que varía moito entre as diferentes comunidades autónomas. No conxunto de España acada o 63,1% e en Galicia chega ata o 71,3%, fronte a comunidades autónomas como Madrid, que non chega ao 50%, ou Cantabria, que supera o 80%.



Persoas segundo a compra de música por comunidade autónoma

DOCUMENTOS
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

	No último ano	Nos últimos tres meses	Entre tres meses e un ano	Hai máis dun ano	Nunca ou case nunca
Total España	15,2	9,9	5,3	21,7	63,1
Andalucía	13,7	9,9	3,8	19,6	66,7
Aragón	13,0	8,2	4,7	14,3	72,7
Asturias	17,7	12,5	5,2	23,2	59,1
Baleares	11,0	7,9	3,0	19,1	69,9
Canarias	8,1	5,4	2,6	13,0	78,9
Cantabria	10,8	8,3	2,5	7,2	81,9
Castela e León	13,9	8,9	5,0	22,6	63,5
Castela-A Mancha	13,1	8,7	4,4	27,0	59,9
Cataluña	12,4	8,0	4,4	18,5	69,1
Comunidade Valenciana	14,6	8,4	6,2	29,9	55,5
Estremadura	9,5	6,8	2,8	28,1	62,4
Galicia	12,9	9,4	3,5	15,7	71,3
Madrid	28,5	16,7	11,8	24,4	47,1
Murcia	17,2	12,8	4,4	23,7	59,1
Navarra	13,8	8,8	5,0	28,2	58,0
País Vasco	13,4	9,2	4,3	28,3	58,3
A Rioxa	15,2	10,2	5,0	15,6	69,2
Ceuta e Melilla	9,4	7,5	1,9	11,3	79,3


Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

Por outro lado, se se analiza a evolución das persoas que compraron música no último ano e as persoas que non compraron música nunca ou case nunca nos últimos dez anos, tal como reflicten as gráficas que se mostran a continuación, obsérvase que en liñas xerais a compra de música descendeu considerablemente tanto en Galicia coma no conxunto de España. Así, no conxunto de España a porcentaxe de persoas que comprou música no último ano descendeu nun 51,5% entre 2006 e 2015 e en Galicia descendeu nun 49,4%. O incremento máis importante afeccionados que deixaron de comprar música en Galicia deuse entre 2010 e 2015, xa que aumentou nun 16% o número de persoas que non compraron música nunca ou case nunca.



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Evolución do número de persoas que compraron música no último ano e das que non compraron música nunca ou case nunca en Galicia e en España (2010-2015)



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

Ante este descenso no número de persoas que compran música, convén sinalar os motivos indicados polos que non se adquire máis música. Segundo a táboa que se mostra a continuación, un 43,2% dos galegos considera que é caro o prezo dos CD, DVD ou Blue-Ray, fronte a un 37,2% no conxunto de España. Porén, no conxunto do Estado o motivo principal polo que non se compra máis música é que se utilizan outros medios para escoitala, como a radio ou a televisión.

Persoas segundo os motivos principais polos que non compran máis CD ou DVD musicais con marca

	España	Galicia
A música que quere oír óea por radio ou TV	42,7	42,3
Os CD, DVD, Blu-Ray son caros	37,2	43,2
Outras	18,5	14,4
A música que quere oír óea por Internet	14,7	9,8
Baixa música de Internet	14,6	12,1
A música non lle interesa demasiado	13,8	17,5
Non está ao día das novidades	9,9	11,2
Non ten tempo para escoitar música	9,0	9,8
Grava a música que quere de amigos	6,5	7,0

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

Por último, cómpre analizar os datos sobre a asistencia e o interese polos concertos. Na seguinte táboa móstranse datos sobre o grao de interese nos concertos en xeral e os de música clásica e actual por separado.



DOCUMENTOS
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

Persoas segundo o grao de interese polos concertos (De 0 a 10)

	España	Galicia
Interese polos concertos		
De 10 a 9	28,5	22,3
De 8 a 7	34,7	33,3
De 6 a 5	17,0	21,9
De 4 a 3	6,3	6,0
De 2 a 0	13,4	16,5
Media	7,3	7,0
Interese polos concertos de música clásica		
De 10 a 9	11,4	8,0
De 8 a 7	18,8	16,7
De 6 a 5	22,1	23,2
De 4 a 3	13,3	11,9
De 2 a 0	34,3	40,2
Media	4,4	3,9
Interese polos concertos de música actual		
De 10 a 9	24,0	18,7
De 8 a 7	32,2	29,7
De 6 a 5	19,1	23,2
De 4 a 3	7,7	8,2
De 2 a 0	16,9	20,2
Media	6,2	5,7

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

Artes escénicas

Neste apartado abórdase o nivel de asistencia dos galegos e galegas a espectáculos de artes escénicas: teatro, ballet/danza, ópera, zarzuela ou circo. Confírmase que un 20,6% asistiron no último ano a algunha función deste tipo, unha porcentaxe que coloca a Galicia na penúltima posición respecto ás demais comunidades autónomas, só por riba das Illas Canarias, e a unha distancia de 9,3 puntos porcentuais da media estatal, superada por Madrid, Navarra, A Ríoxa, Castela e León, País Vasco e Asturias. Os datos, como se pode constatar na seguinte táboa, non melloran noutras franxas de frecuencia.

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA


**Porcentaxe de persoas segundo a asistencia a algún espectáculo de artes escénicas,
segundo a frecuencia. Comparativa autonómica. 2014-2015**

	Último ano	Últimos tres meses	Entre tres meses e un ano	Hai máis dun ano	Nunca ou case nunca
Total España	29,9	13	16,9	35,8	34,3
Andalucía	23,7	9,9	13,8	35,0	41,3
Aragón	29,1	9,7	19,4	26,0	44,8
Asturias (Principado de)	30,0	12,0	18,0	43,4	26,6
Baleares (Illas)	29,5	11,1	18,4	37,9	32,5
Canarias	16,2	6,6	9,6	35,2	48,6
Cantabria	21,2	10,9	10,3	16,1	62,7
Castela e León	33,7	14,5	19,2	33,2	33,1
Castela-A Mancha	28,6	11,1	17,5	42,3	29,0
Cataluña	28,3	12,2	16,1	31,4	40,2
Comunidade Valenciana	29,8	12,5	17,3	43,6	26,6
Estremadura	22,7	10,9	11,8	44,5	32,8
Galicia	20,6	8,3	12,3	27,3	52,2
Madrid (Comunidade de)	48,7	23,9	24,8	35,1	16,2
Murcia (Rexión de)	28,4	14,2	14,2	36,4	35,1
Navarra (Comunidade Foral de)	39,2	19,4	19,8	38,5	22,3
País Vasco	31,8	12,3	19,5	47,6	20,5
Rioxa (A)	34,4	16,4	18,0	32,5	33,1
Ceuta e Melilla	21,4	11,2	10,2	24,6	54,0

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

Hai que sinalar que, entre todas as disciplinas artísticas enmarcadas no ámbito das artes escénicas, o teatro centra as preferencias da poboación galega. Con todo, os datos reflicten unha baixa asistencia. Un 14, 8% dos residentes en Galicia asiste ao teatro, nun contexto en que a media do total España se sitúa nun 23,2%, seguramente influída pola alta asistencia dos madrileños a este tipo de representacións, un 41,5%. A 10 puntos deles situaríanse os navarros, seguidos de rioxanos, valencianos e castelano-leoneses, como se observa na seguinte gráfica.




Persoas que asistiron ao teatro no último ano. Comparativa autonómica, 2014-2015

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

Os diferentes tramos de frecuencia na asistencia a teatro dan datos por debaixo da media en todos os casos. Un 61,6% das e dos galegos non van nunca ou case nunca a representacións teatrais, 18 puntos porcentuais por riba da media estatal. A tendencia, con todo, é de clara remontada na media estatal e de recuperación aínda que algo máis contida no caso galego, tal e como se mostra na gráfica.




Evolución persoas segundo a asistencia ao teatro, en comparativa coa media estatal. Serie temporal 2002-2015



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

As representacións de ballet/danza atraen a un 5% dos galegos. A media estatal sitúase nun 7% e tan só a comunidade madrileña e as Illas Baleares superan o 10% de asistencia. A seguinte gráfica mostra os datos de asistencia en comparativa autonómica.

Persoas que asistiron a ballet/danza no último ano. Comparativa autonómica, 2014-2015



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.



Un 5,3% da poboación galega vai ao teatro, cunha media de asistencia de 1,5 veces nun trimestre, e un 2,4% a funcións de ballet e danza, cunha media de 3,1 veces nun trimestre. Tras Andalucía, Galicia xunto coa comunidade valenciana ocupan a segunda posición no conxunto estatal en asistencia a representacións de ballet e danza. Na seguinte táboa ofrécese unha comparativa entre a porcentaxe de asistentes a este tipo de espectáculos e o número de veces que o fan nun trimestre.

Porcentaxe de persoas que foron nun trimestre ao teatro e a espectáculos de ballet/danza e número de veces que asistiron por comunidade autónoma. 2014-2015


	% respecto á poboación		Nº medio de veces	
	Teatro	Ballet/danza	Teatro	Ballet/danza
Total España	9,8	3,0	1,7	2,7
Andalucía	6,7	3,3	1,8	3,5
Aragón	6,4	2,2	1,7	2,1
Asturias	7,6	2,2	1,4	2,8
Baleares	8,1	4,1	1,8	1,5
Canarias	5,0	1,4	1,4	1,2
Cantabria	8,2	1,6	1,3	2,8
Castela e León	11,3	3,5	1,8	2,2
Castela-A Mancha	8,4	1,9	1,4	1,5
Cataluña	9,2	2,7	1,8	2,6
Comunidade Valenciana	9,4	2,1	1,5	3,1
Estremadura	8,9	2,2	1,7	1,5
Galicia	5,3	2,4	1,5	3,1
Madrid	19,9	5,1	1,8	2,5
Murcia	9,5	5,4	1,7	3,0
Navarra	14,3	2,8	1,8	2,9
País Vasco	8,6	1,8	1,7	2,1
A Rioxa	9,3	2,7	1,6	1,5
Ceuta e Melilla	9,6	1,6	1,5	1,7

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015.

Un 0,9% dos galegos asiste a funcións de zarzuela, mentres que a media estatal se sitúa no 1,8%, estimulada, sen dúbida, por comunidades como a de Madrid (4,5%), Asturias (3,5%) e País Vasco (3%). Algo moi similar ocorre coa ópera, na que asistencia en Galicia acada o 1,5% e a media do total España o 2,6%. De novo, Madrid (5,1%), País Vasco (4,7%) e Asturias (4,6%) encabezan a listaxe autonómica e, igual que no caso da zarzuela, só seis comunidades superan a media de asistencia en España a este tipo de representación artística.



Persoas que asistiron á ópera no último ano. Comparativa autonómica, 2014-2015




Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

Na seguinte gráfica contrástase a asistencia do público galego a espectáculos de zarzuela, ópera, ballet e danza respecto da media estatal segundo a frecuencia coa que o fan.



Porcentaxe de persoas segundo a frecuencia de asistencia a funcións de ópera, zarzuela, ballet/danza en Galicia. Comparativa coa media estatal. 2014-2015



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

O circo conta con pouca afluencia de público en xeral no conxunto de España e o mesmo ocorre en Galicia. Só un 6,5% dos galegos asistiron no último ano a algunha función, 1,2 puntos porcentuais por debaixo da media estatal. Un 67% non vai nunca ou case nunca. Na seguinte táboa pódense cotexar os datos de frecuencia de asistencia cos da media do total do Estado.

Porcentaxe de persoas segundo a frecuencia coa que van ao circo en Galicia. Comparativa coa media estatal, 2014-2015

	No último ano	Nos últimos tres meses	Entre tres meses e un ano	Hai máis dun ano	Nunca ou case nunca
Media estatal	7,7	1,8	5,9	37,5	54,7
Galicia	6,5	1,7	4,8	26,4	67,1

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.



DOCUMENTOS
DE TRABAJOOBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGAValoración media (de 0 a 10) do grao de interese polas artes escénicas en España.
Comparativa autonómica, 2014-2015

	Teatro	Ópera	Zarzuela	Ballet/Danza	Circo
Total España	5,3	3	2,9	3,3	3,9
Andalucía	5,5	3,3	3,2	3,7	4,4
Aragón	5,3	3,2	3,2	3,3	4,4
Asturias	5,2	3,0	3,1	3,0	3,9
Baleares	5,8	3,3	2,9	4,0	4,1
Canarias	4,6	2,9	2,8	3,2	3,8
Cantabria	3,4	1,9	1,7	1,9	2,4
Castela e León	5,4	3,3	3,3	3,6	4,6
Castela-A Mancha	4,6	2,5	2,5	2,7	3,9
Cataluña	5,1	2,7	2,2	2,9	3,2
Comunidade Valenciana	5,6	3,2	3,1	3,3	3,7
Extremadura	5,1	2,3	2,3	2,7	4,1
Galicia	4,3	2,3	2,1	2,9	3,6
Madrid	6,2	3,8	3,7	4,2	4,3
Murcia	5,6	2,8	2,7	3,4	3,8
Navarra	5,5	3,4	3,1	3,7	3,9
País Vasco	4,7	2,4	2,3	2,5	3,0
A Rioxa	4,9	2,9	2,9	3,3	3,9
Ceuta e Melilla	4,9	2,8	2,7	3,2	3,7

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

Cine e vídeo

En Galicia só o 27,1% asiste ao cine, fronte o 53,7% na Comunidade de Madrid, que foron ao cine no último trimestre. Os galegos que van algunha vez ao ano ver unha película son o 40,5%. A media do Estado é do 54%. Os que non van nunca ou case nunca son case o 35% en Galicia fronte a un 19% en España. A distribución é a seguinte:

Persoas segundo asistencia ao cine

	Total foron no último ano	Nos últimos tres meses	Entre tres meses e un ano	Hai máis dun ano	Nunca ou case nunca
Total España	54,0	38,3	15,7	26,5	19,5
Andalucía	50,4	34,8	15,6	26,7	23,0
Aragón	51,2	34,8	16,4	26,3	22,5
Asturias	48,1	34,3	13,8	30,8	21,1
Baleares	57,6	38,8	18,8	26,6	15,7
Canarias	48,4	37,4	11,1	23,9	27,7
Cantabria	49,9	37,2	12,7	20,2	29,9
Castela e León	49,8	32,8	17,0	30,2	20,0
Castela-A Mancha	44,9	31,1	13,8	38,9	16,2
Cataluña	57,3	40,5	16,8	22,9	19,8
Comunidade Valenciana	52,1	36,8	15,3	31,4	16,4
Extremadura	43,4	31,2	12,2	33,3	23,2
Galicia	40,5	27,1	13,4	24,6	34,9
Madrid	70,1	53,7	16,4	20,0	9,9
Murcia	51,7	37,0	14,7	27,0	21,3
Navarra	64,2	41,6	22,6	22,9	12,9
País Vasco	59,5	39,8	19,7	30,5	10,1
A Rioxa	51,1	37,6	13,5	29,9	19,0
Ceuta e Melilla	48,0	33,6	14,4	25,7	26,3


CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

As comunidades onde máis se vai ao cine son, por esta orde, Madrid, Navarra e País Vasco, e as que menos, Galicia, Estremadura e Castela-A Mancha.

As razón polas que os galegos nos asisten ao cine non difiren substancialmente das do resto de españois. A maioría non vai porque lle parece caro ou porque non ten tempo. Os galegos que non van porque non teñen interese representan un 13,1%, unha porcentaxe sensiblemente superior á media (11,2%). Nunha escala de interese polo cine de 0 a 10, onde 0 significa ningún interese e 10 o máximo interese, os galegos sitúanse no 6, fronte a unha media de 6,7.

Grao de interese polo cine (0-10)



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

Segundo os ámbitos xeográficos das producións cinematográficas, os galegos valoran mellor o cine americano, seguido do español e do europeo, algo semellante ao que pasa no conxunto do Estado. As comunidades autónomas que máis valoran o cine americano son



Cantabria, Baleares e Canarias e as que peor o valoran son galegos, vascos e navarros. O cine español está máis valorado en Baleares, A Rioxa e Asturias, e ten a peor valoración en Galicia, seguida de Madrid e Navarra. O cine latinoamericano ten unha valoración bastante baixa en toda España, especialmente no País Vasco, Cantabria e Murcia.

Nesta enquisa preguntáse aos informantes polo hábito de ver vídeo DVD ou noutros formatos. Os galegos sitúanse na parte baixa da táboa xa que o 52,5% da poboación non ve nunca vídeo en ningún tipo de formato (a media nacional é do 44,4%). Do pouco máis do 1,1 millóns de galegos que ven vídeos, o 84,8% faino en aparatos non conectados a un ordenador. De feito, só o 26,8% ve vídeo en aparatos conectados a un ordenador, o cal representa a porcentaxe máis baixa de toda España. Só o 18% dos galegos ve vídeos en *streaming*, fronte a unha media do 25%. En alugueiro de vídeos a través de canais dixitais somos a sexta comunidade pola cola.

Porcentaxe de persoas que adoitan ver vídeos segundo o soporte utilizado para velos

	Soportes físicos (CD, DVD, Blu-Ray)	Soportes dixitais (ficheiros)	Directamente en Internet (<i>streaming</i>)	Alugueiro a través de canles dixitais
Total España				
a	75,0	29,4	25,1	5,0
Andalucía	72,9	34,2	24,9	3,8
Aragón	75,0	23,1	32,4	2,2
Asturias	83,8	21,9	20,7	1,1
Baleares	79,5	21,0	26,6	4,5
Canarias	77,1	17,4	19,8	3,5
Cantabria	67,1	31,3	35,1	2,7
Castela e León	74,9	26,7	25,0	3,7
Castela-A Mancha	65,9	27,2	30,3	5,6
Cataluña	80,8	18,9	25,2	4,3
Comunidade Valenciana	76,6	34,0	16,7	4,9
Estremadura	80,4	20,5	23,7	0,4
Galicia	69,1	31,5	18,0	2,9
Madrid	76,0	33,4	32,4	9,6
Murcia	67,6	39,1	19,7	7,7
Navarra	77,6	23,8	24,6	4,6
País Vasco	73,1	31,5	22,5	2,2
A Rioxa	70,3	34,4	23,1	4,0
Ceuta e Melilla	73,4	27,6	41,5	13,4

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.


Entre os espectadores máis asiduos, aqueles que viron vídeos na última semana (un de cada tres galegos, o mesmo que no total de España) empregaron unha media de 287 minutos, 16 minutos máis que a media nacional.

A porcentaxe de persoas que fixeron unha copia ou directamente descargaron de Internet algún tipo de audiovisual son o 18% dos galegos, por debaixo da media (21%). Os máis activos descargan arredor de 12 vídeos ao trimestre, algo inferior á media, que se atopa en



13. A evolución amosa un crecemento importante en Galicia nos últimos anos e unha estabilización no conxunto do país.

Evolución da porcentaxe de persoas que gravan ou descargan vídeos gratuitamente



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.


As persoas que mercan vídeos en mercados ou postos ambulantes son moi poucas, un escaso 0,3% dos galegos. Un hábito que está en retroceso é o alugueiro. Entre 2006 e 2015 pasaron de alugar vídeos uns 633.000 galegos a uns escasos 169.000.

Televisión e radio

Case a totalidade da poboación ve a televisión e este é un hábito que non mudou substancialmente nos últimos anos. Entre as distintas comunidades autónomas hai certa diferenza no tempo medio que se pasa diante do televisor. Os galegos son os que máis tempo dedican de media, uns 193 minutos diarios, case unha hora máis que en Baleares, por exemplo. Só o 8,6% dos galegos ve a televisión a través de Internet, unha cifra semellante á do conxunto do Estado.



Media diaria (minutos) de visionado de televisión segundo a comunidade autónoma



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.


A pesar de que Galicia non é das comunidades onde máis se escoita a radio, case o 73% ten o hábito de escoitala a diario. Compre salientar que un 8,2% dos galegos escoita a radio por Internet, dous puntos menos que a media nacional.

Novas tecnoloxías

Os galegos son os que menos usan o ordenador, por detrás dos extremeños e castelano-manchegos. A diferenza coas comunidades onde máis se usa é significativa e representa case 20 puntos porcentuais con Madrid, por exemplo. Galicia tamén é a comunidade onde menos persoas usan o ordenador por entretemento e ocio. A fenda que nos separa da media nacional deste indicador é dun 10%.



Porcentaxe de persoas que se conectan a internet por ocio ou lecer



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

O uso de videoxogos en Galicia sitúase tamén por debaixo da media. Un 15% dos galegos adoita xogar, fronte a un 17% do total de españois. Os xogos preferidos dos galegos son os de acción ou aventura e de estratexia.



DOCUMENTOS
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA**Porcentaxe de persoas que usaron videoxogos segundo o tipo de xogo que adoitan utilizar**

	Infantís	Acción ou aventura	Estratexia	Musicais	Deportes	Outros
Total España	9,5	49,6	47,4	3,2	33,3	16,1
Andalucía	8,5	55,4	46,3	2,2	33,8	19,0
Aragón	13,9	45,6	40,9	2,4	18,5	17,6
Asturias	7,5	60,3	36,5	4,9	49,2	15,0
Baleares	20,5	49,2	51,8	2,3	26,0	11,1
Canarias	8,2	53,1	46,8	3,7	44,2	11,3
Cantabria	2,5	51,3	44,5	2,7	31,7	18,2
Castela e León	10,2	43,2	39,7	2,0	29,1	18,4
Castela-A Mancha	10,4	43,3	44,8	1,9	36,0	10,9
Cataluña	7,4	49,5	45,2	2,9	25,8	19,8
Comunidade Valenciana	11,1	43,3	48,0	1,0	37	15,3
Estremadura	3,9	59,1	64,7	0,0	37,8	12,3
Galicia	10,2	55,6	55	7	33,3	9,7
Madrid	8,3	46,5	51,2	4,4	36,8	15,7
Murcia	10,7	48,6	45,8	3,4	20,9	19,8
Navarra	10,0	43,2	27,9	3,2	47,6	16,4
País Vasco	14,9	56,9	47	7,6	32,3	9,8
A Rioxa	21,3	40,5	44,7	2,9	33,6	19,9
Ceuta e Melilla	2,3	60,9	65,7	1,4	34,3	14,6

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

Actividades artísticas

A fotografía é a actividade artística preferida polos galegos, un 30,4% practican esta actividade, 1,5 puntos porcentuais por riba da media estatal, seguida da creación de vídeos, a pintura e o debuxo. Escribir ou tocar algún instrumento é un hábito cultivado por un 8,9% e 8,4% da poboación respectivamente, índices novamente superiores á media. Na seguinte táboa pódense contrastar en comparativa os datos de Galicia coa media do conxunto de España.

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Persoas que realizaron actividades artísticas no último ano segundo tipo de actividade. Comparativa coa media estatal 2014-2015

	Media estatal	Galicia
Facer fotografía	28,9	30,4
Facer vídeo	15	15,2
Pintar ou debuxar	13,7	11,6
Outras artes plásticas	8,3	9,4
Escribir	7,8	8,9
Tocar un instrumento	7,8	8,4
Outras vinculadas á música	4	5,3
Danza, ballet, baile	4,9	4,3
Deseñar páxinas Web	3	3,9
Outras actividades artísticas	3	3,2
Outras audiovisuais	2,5	3,1
Cantar nun coro	2,4	2,5
Facer teatro	2,2	2
Flamenco, baile español	1,7	1

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015*.

Conclusiones

Os resultados da enquisa de hábitos culturais indican que as actividades culturais máis frecuentes realizadas pola poboación galega anualmente son, en primeiro lugar, ler a prensa (83%), escoitar música (78,1%) e ler libros (57,6%). No conxunto do Estado, tamén son estas as tres actividades culturais máis populares, aínda que a de escoitar música é a máis popular (87,2%) e séguenlle ler prensa (74,9%) e libros (62,2%).

Por outra banda, a asistencia a espectáculos en directo ten distinto grao de aceptación segundo a actividade artística da que se trate. Así, pódese constatar que en Galicia un 31,9% da poboación asiste a concertos, fronte a un 29,2% no conxunto de España. Porén esta cifra é bastante inferior con respecto ao período 2010-2011, principalmente en Galicia, onde un 36,5% asistía a algún tipo de concerto, mentres que no conxunto de España só descendeu un punto porcentual con respecto a este período.

En Galicia, un 74,7% da poboación adoita escoitar música polo menos unha vez á semana durante máis de dúas horas e media (uns 160 minutos).

Cómpre salientar que a taxa de persoas que compraron música no último ano é moi baixa: no conxunto de España é dun 15,2% e en Galicia é 2,3 puntos porcentuais máis baixa.

No tocante ás artes escénicas, que abranguen teatro, ópera, zarzuela, ballet/danza e circo, pódese salientar que en Galicia a asistencia a este tipo de espectáculos é máis de seis puntos porcentuais inferior ao conxunto de España e é especialmente significativo no caso do teatro, no que a asistencia no conxunto de España é 8,4 puntos porcentuais superior á de Galicia.

Polo que respecta ás artes visuais e patrimonio cultural, hai que destacar que en Galicia a taxa de visitas anuais a museos e galerías de arte e exposicións acada o 35,9%, é dicir, catro puntos porcentuais por debaixo do conxunto estatal, e a visita a monumentos e



xacementos arqueolóxicos sitúase case ao mesmo nivel que o conxunto de España, cun 42% da poboación galega que visita anualmente o patrimonio histórico-artístico.

Galicia encabeza a lista das comunidades autónomas en que hai unha menor asistencia aos museos. A escaseza de oferta na zona é o motivo principal para non ir a estes equipamentos.

Galicia sitúase nos últimos postos en canto á asistencia ao cine. Só o 27% dos galegos, fronte ao 53% dos madrileños, foron ao cine no último trimestre. Os galegos que van algunha vez ao ano ver unha película son o 40%. A media do Estado é do 54%. A maioría non vai porque lle parece caro ou porque non ten tempo.

A porcentaxe de persoas que fixeron unha copia ou directamente baixaron de Internet algún tipo de audiovisual é o 18% dos galegos, un pouco por debaixo da media (21%). Os máis activos baixan arredor de 12 vídeos ao trimestre, algo menos tamén que a media, que se atopa en 13. A evolución amosa un crecemento importante en Galicia nos últimos anos e unha estabilización no conxunto do país.

Case o total da poboación ve a televisión e este é un hábito que non mudou substancialmente nos últimos anos. Entre as distintas comunidades autónomas hai certa diferenza no tempo medio que se pasa diante do televisor. Os galegos son os que máis tempo dedican de media, uns 193 minutos diarios.

Galicia tamén é a comunidade onde menos persoas usan o ordenador por entretemento e ocio. En estreita relación co anterior, Galicia ocupa tamén o último lugar de España no que se refire ao uso de Internet por entretemento e ocio. O uso de videoxogos en Galicia sitúase algo por debaixo da media. Un 15% dos galegos adoita xogar, fronte un 17% do total de españois.

A asistencia a arquivos e bibliotecas non ten en xeral moito interese entre a poboación. É salientable o feito de que un 61% da poboación galega non asistiu ou non accedeu a través de Internet a unha biblioteca nunca ou case nunca. Esta porcentaxe supera en 10 puntos porcentuais a do conxunto do Estado.

Por outra banda, cando se trata da participación activa en actividades culturais, a poboación galega semella ter máis afección pola fotografía e o vídeo, xa que son estas as dúas actividades máis practicadas en Galicia, mentres que as actividades artísticas, xa sexa música, danza ou teatro non teñen moita aceptación. Unha excepción podería ser a de tocar un instrumento, que supera en 0,6 puntos porcentuais ao conxunto estatal.



ANEXO

Principais indicadores anuais de participación cultural. Comparativa España-Galicia (2014-2015)

		España	Galicia		
LECTURA	LIBROS	Total	62,2	57,6	
		Por profesión ou estudos	29,0	27,7	
		Por outros motivos	56,0	51,9	
		En formato papel	59,0	55,1	
		En formato dixital	17,7	12,2	
		Directamente de Internet	5,7	5,3	
		Nun lector de libros dixitais	6,0	4,2	
		A través doutros soportes móbiles	1,8	1,6	
		PRENSA	Total	74,9	83,0
			Prensa deportiva	38,9	35,9
REVISTAS CULTURAIS	Total	31,9	29,2		
BIBLIOTECAS	Total asistencia	25,6	21,8		
	Ir a unha biblioteca	22,7	18,6		
	Acceder por Internet	7,9	8,6		
VISITAS A MUSEOS, EXPOSICIÓNS E GALERÍAS DE ARTE	Total asistencia	39,4	35,9		
	Museos	33,2	27,3		
	Exposicións	23,8	24,8		
	Galerías de arte	12,7	11,1		
VISITAS A MONUMENTOS E XACEMENTOS	Total	42,8	42,0		
	Monumentos	41,4	38,9		
	Xacementos arqueolóxicos	16,6	17,7		
ARQUIVOS	Total asistencia	5,6	8,2		
ARTES ESCÉNICAS	Total asistencia	29,9	20,6		
	Teatro	23,2	14,8		
	Ópera	2,6	1,5		
	Zarzuela	1,8	0,9		
	Ballet/Danza	7,0	5,0		
	Circo	7,7	6,5		
MÚSICA	Total asistencia a concertos	29,2	31,9		
	Música clásica	8,6	7,4		
	Música actual	24,5	28,4		
	Escoitar música	87,2	78,1		
CINE	Total asistencia	54,0	40,5		
ACTIVIDADES ARTÍSTICAS	Escribir	7,8	8,9		
	Pintar ou debuxar	13,7	11,6		
	Outras artes plásticas	8,3	9,4		
	Facer fotografía	28,9	30,4		
	Facer vídeo	15,0	15,2		
	Deseñar páxinas web	3,0	3,9		
	Outras actividades audiovisuais	2,5	3,1		
	Facer teatro	2,2	2,0		
	Danza, ballet, baile	4,9	4,3		
	Flamenco, baile español	1,7	1,0		
	Tocar un instrumento	7,8	8,4		
	Cantar nun coro	2,4	2,5		
	Outras actividades vencelladas á música	4,0	5,3		
	Outras actividades artísticas	3,0	3,2		

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2014-2015.*

DOCUMENTOS
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGACONSELLO
DA CULTURA
GALEGA